

Acordo do 9 de xuño de 2026 do Departamento Territorial da Coruña, de levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica, no concello de Abegondo (expediente IN407A 2023/059-1).

Outorgada a declaración de utilidade pública que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada Nova subestación Abegondo 220 KV, no concello de Abegondo (expediente IN407A 2023/059-1), por resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas, do 23 de decembro de 2025, a favor da entidade beneficiaria Red Eléctrica de España, SAU, con enderezo en Paseo Conde de los Gaitanes, 177, 28109 - Alcobendas (Madrid).

Este departamento territorial, de conformidade cos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e 56 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957, acorda sinalar o día **30 de xullo de 2026** para o levantamento das actas previas á ocupación, nas que se describirán os bens ou dereitos expropiables e de imposición de servidume de paso de enerxía eléctrica, contidos na relación de fincas que se exporán xunto con este acordo no taboleiro de edictos do concello de Abegondo, deducida da que se someteu a información pública no DOG do 5.10.2023, no BOP do 4.9.2023 e no xornal *La Voz de Galicia* do 19.10.2023, acto ao que deberán concorrer as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas propostas como afectadas, ás que se lles practicará notificación individual sinalándoseles os horarios de toma de datos sobre o terreo e do levantamento efectivo das actas nas oficinas da casa consistorial do dito concello.

Así mesmo, cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas sexan descoñecidas ou se ignore o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puidese practicar, publicarase un anuncio desta convocatoria no taboleiro de edictos único (TEU) do *Boletín Oficial del Estado*.

A Coruña, 9 de xuño de 2026.

Isidoro Martinez Arca

Director Territorial da Coruña

